

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Situacións administrativas. Un/unha médico que se atope en excedencia voluntaria por interese particular deberá permanecer como mínimo na devandita situación:

- A) Cinco anos
- B) Non se establece período ningún
- C) Dous anos
- D) Entre dous e cinco anos

2. Conforme á Lei 14/1986 Xeral de Sanidade, NON é unha obrigaón do cidadán coas institucións e organismos do sistema sanitario:

- A) Cumprir as prescricións de natureza sanitaria determinadas polos servizos sanitarios
- B) Utilizar as vías de reclamación e queixa nos prazos previstos
- C) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das Institucións Sanitarias
- D) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario

3. En relación coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, indique cal é a afirmación FALSA:

- A) Cando se trate unha gran cantidade de datos e o afectado exercite o seu dereito de acceso sen especificar a cales se refire, o responsable do tratamento, antes de facilitar a información, poderá pedir ao afectado que especifique os datos ou actividades de tratamento aos que se refire a solicitude
- B) Todas as persoas que interveñan en calquera fase do tratamento de datos estarán suxeitas ao deber de confidencialidade que substitúe e inclúe o deber de segredo profesional
- C) O consentimento do afectado é toda manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca
- D) A Lei ten por obxecto garantir os dereitos dixitais da cidadanía

4. Con carácter xeral e nos termos previstos na Constitución Española de 1978, poderán ser suspendidos determinados dereitos fundamentais cando se acorde a declaración do estado de:

- A) Sitio
- B) Excepción
- C) Alarma
- D) Todas as anteriores respostas son correctas

5. Conforme ao disposto no Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazos do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, unha profesional facultativa especialista de área do aparello dixestivo é nomeada xefa de servizo...

- A) Mediante o sistema de libre designación
- B) Por un período inicial de catro anos de duración prorrogables por dous anos
- C) Sendo persoal fixo cunha experiencia acreditada na especialidade de tres anos
- D) Por seis anos desde o nomeamento. Transcorridos estes será avaliada para os efectos da súa continuidade ou remoción

6. Indique a resposta correcta de conformidade coa Lei 8/2008 de Saúde de Galicia. O Servizo Galego de Saúde:

- A) É unha axencia pública adscrita á Consellería de Sanidade
- B) Está dotado de plena capacidade para o cumprimento dos seus fins
- C) Denomínase tamén Sistema Público de Saúde de Galicia
- D) Está adscrito ao Consello da Xunta

7. No ámbito da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, é FALSO afirmar respecto ao acceso á historia clínica que:

- A) É un dereito que pode ser exercido persoalmente ou por representación debidamente acreditada
- B) É un dereito do paciente
- C) Con carácter xeral está permitido o acceso á historia clínica completa por parte dun terceiro que garde relación de parentesco co paciente
- D) Non pode exercitarse en prexuízo do dereito dos profesionais participantes na súa elaboración, os cales poden opoñer ao dereito de acceso a reserva das súas anotacións subxectivas

8. A Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero ten por obxecto actuar contra a violencia que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exerce sobre estas por parte de quen...

- A) Sexan ou fosen os seus cónxuxes sempre que manteñan relación de convivencia
- B) Sexan ou fosen os seus cónxuxes e exerzan a acción violenta sobre elas directamente ou a través dos fillos e fillas comúns
- C) Manteñan ou mantivesen unha relación conxugal e de superioridade económica sobre elas
- D) Sexan ou fosen os seus cónxuxes ou de quen estea ou estivese ligado a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia

9. Indique cal das seguintes retribucións é unha retribución básica do persoal facultativo especialista de área do Servizo Galego de Saúde:

- A) O complemento de destino
- B) O complemento de carreira
- C) Os trienios
- D) A atención continuada

10. Conforme á Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, acordarase o cesamento do persoal estatutario interino cando:

- A) Se incorpore persoal fixo procedente dunha oferta de emprego público á praza que desempeña
- B) Se incorpore persoal fixo polo procedemento de mobilidade voluntaria regulamentariamente establecido, á praza que desempeña
- C) A praza que desempeña resulte amortizada
- D) Todas as anteriores respostas son correctas

